

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O SERVIZO DE COOPERACIÓN E DE ACCIÓN CULTURAL DA EMBAIXADA DE FRANCIA EN ESPAÑA PARA A IMPLANTACIÓN DO DIPLOMA DE ESTUDOS EN LINGUA FRANCESA (DELF), NA SÚA VERSIÓN ESCOLAR, NA REDE PÚBLICA DOS CENTROS DE ENSINO SECUNDARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou co Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 29 de xuño de 2016 ata o 31 de setembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a implantación do Diploma de Estudos en Lingua Francesa (DELF), expedido polo Ministerio de Educación do Goberno de Francia, na súa versión escolar, na rede pública dos centros de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

1. A Consellería, consciente da importancia da aprendizaxe de linguas estranxeiras para os cidadáns e cidadás de Galicia, e da preocupación que, neste sentido, se manifesta desde todos os ámbitos sociais, puxo en marcha o Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras, ao abeiro do Decreto 79/2010, que establece como unha das liñas para favorecer a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros educativos galegos.
2. Pola súa banda, o Ministerio francés de Educación expide os diplomas DELF (de A1 a B2) que son oficiais, son recoñecidos internacionalmente e non teñen data de caducidade; permítenlle aos alumnos estranxeiros de países non francófonos certificar o seu nivel dentro do Marco común europeo de referencia para as linguas.



3. A oportunidade da sinatura deste convenio vén determinada polo establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), que establece como un dos fins do sistema educativo español a capacitación para a comunicación na lingua oficial, nas linguas cooficiais, de ser o caso, e nunha ou máis linguas estranxeiras. Ademais, adquirese un compromiso decidido cos obxectivos educativos da Unión Europea dos últimos anos, entre os que está a apertura do sistema educativo ao mundo, o que implica, entre outras cosas, mellorar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, aumentar a mobilidade e os intercambios. Ademais, a LOE establece que lles corresponde ás administracións educativas procurar os recursos necesarios para garantir a creación de programas de reforzo da aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

